



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REGISTRO XERAL	
ENTRADA n.º	
SAIDA n.º	211
DATA:	29/11/2023



DEPORTE
GALEGO

Vigo, 29 de Novembro de 2023.

CIRCULAR NÚM.: 07

Estimado presidente:

Por medio da presente, remitimos toda a documentación necesaria para poder renovar as licenzas para a vindeira tempada 2024, tanto as entidades deportivas coma os equipos e deportistas.

As inscricións tanto iniciais como posteriores realizaranse **por Internet, a través da páxina da Federación Galega de Xadrez polo programa XEFEGA, co que tamén se xestionará a competición da liga 2024.**

Infórmase que no apartado "Documentación" da nosa páxina web (www.fegaxa.org) están todos os documentos remitidos así coma as instrucións para usar o programa de xestión federativa XEFEGA.

Adxunto recibides o código e clave necesaria para acceder ao programa, sendo responsabilidade do presidente do clube o bo uso que se faga da mesma.


A liquidación desta tempada farase entre os días 17 de Xaneiro e 16 de Febreiro de 2024.

Calquera dúbida pode consultarse directamente nesta federación a través de email (fegaxa@fegaxa.org) ou por vía telefónica (986 237 945).

Os regulamentos correspondentes atoparanse no apartado "Regulamentos" da páxina web.

Infórmase que Atendendo a Lei de Protección de Datos non se admitirá a recepción de ningún tipo de documento vía WhatsApp (DNI, Libros de Familia,...).

Reciba un cordial saúdo,


Asdo. Raquel Calleja Modia.
Secretaría Xeral da FEGAXA.